



Expediente número: PLN/2019/7

ACTA

**Sesión Ordinaria 7/2019 celebrada polo Pleno
do Concello o día 9 de maio de 2019.**

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

- 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 4/2019 do 28/03/2019**
- 2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria 5/2019 do 01/04/2019**
- 3. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria 6/2019 do 30/04/2019**
- 4. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos III**
- 5. Declaración de Crédito Non Dispoñible II**
- 6. Aprobación Crédito Extraordinario MC 14/2019.CE01/19**
- 7. Ratificación da Resolución de Designación do órgano competente para tomar medidas para asegurar a entrega de bens no contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”**

PARTE DE CONTROL

- 8. Dar Conta Informe Pleno 4º trimestre do ano 2018**



9. Dar Conta Informe Pleno 1º trimestre do ano 2019

10. Dar Conta do Peche e Liquidación do Orzamento do Exercicio 2018

11. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 08/2019.GC04/19, MC 09/2019.IR03/19, MC 10/2019.IR04/19, MC 11/2019.TC03/19, MC 12/2019.IR05/19 e MC 13/2019.TC04/19

12. Actividades de control do pleno.

12 . 1 Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

12 . 2 Solicitude de Comparecencia.

12 . 3 Mocións.

12 . 4 Rogos e preguntas.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 2019/1214 de data 6 de maio de 2019, e sendo as vinte horas do 9 de maio de 2019 coa presidencia do sr. alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as seguintes concelleiros/as:

GPM PP

Arturo González Barbeiro

María del Carmen Amoedo Dasilva

Jesús Crespo López

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

María Teresa París Blanco

Julio César Mougán Vázquez

María José Barciela Barros

Ángela Antón Pazos



GPM PSOE

Ana Isabel Rey Gómez

Eduardo José Reguera Ocampo

Leonardo Cabaleiro Couñago

Digna Rosa Rivas Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

Alberto Álvarez Pérez

GPM AER

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa

Javier Bastos Devesa

Juan Roberto Darriba Ferradás

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Asiste o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Unha vez verificado pola Secretaria o quórum e a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, da que estendo a presente acta.



INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria 4/2019 do 28/03/2019.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 4/2019 do 28/03/2019.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria 5/2019 do 01/04/2019.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 5/2019 do 01/04/2019.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).



3. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria 6/2019 do 30/04/2019

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria número 6/2019 do 30/04/2019.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

4. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos III

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 6 de maio de 2019 que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 2 de maio de 2019, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.



Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 45.206,55 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2019:

NOME TERCEIRO	Nro.Fact.	Data Fact.	Importe	Aplic. Orzamentaria
XIRELA, serv. Técnicos e obra do rural S.L.	007/2017	20/03/2017	1.923,65 €	1722A.6090000
AGEDI-AIE OFICINA CONJUNTA DE RECAUDACIÓN DE ARTISTAS Y PRODUCTORES, UTE	3190099042	22/01/2019	271,23 €	3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190112673	22/01/2019	373,55 €	3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190112684	22/01/2019	12.629,58 €	3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190112701	22/01/2019	2.781,54 €	3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121153	28/01/2019	212,19 €	3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121154	28/01/2019	2.152,41 €	3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121156	28/01/2019	1.459,74 €	3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121160	28/01/2019	27,00 €	3341A.2090000



SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121238	28/01/2019	9,74 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121239	28/01/2019	61,71 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121240	28/01/2019	149,34 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121244	28/01/2019	411,73 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121245	28/01/2019	308,47 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121246	28/01/2019	38,56 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121249	28/01/2019	233,35 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121251	28/01/2019	46,67 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121252	28/01/2019	50,67 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121253	28/01/2019	77,14 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190121255	28/01/2019	30,75 € 3341A.2090000
SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES SGAE	1190122246	29/01/2019	32,39 € 3341A.2090000
JOSE AMOEDO ALVEREZ – Amoedos rotulaciones	00199/18	20/07/2018	1.560,90 € 4321A.6250000
FCC AQUALIA, S.A.	A/1228-18	20/11/18	1.510,08 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	A/1283-18	29/11/18	920,2 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	A/1368-18	14/12/18	825,82 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	A/1377-18	17/12/18	920,2 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	A/1436-18	26/12/18	1439,29 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	A/1476-19	31/12/18	901,32 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	A/17-19	03/01/19	1415,7 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	A/51-19	09/01/19	1302,44 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	FE18321281783216	13/11/18	3827,34 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	FE18321284775164	17/12/18	3666,09 3421C/4720000
FCC AQUALIA, S.A.	FE19321287210021	11/01/19	3635,76 3421C/4720000



”

INTERVENCIONS.-

O concelleiro González Campo na súa intervención di que a voceira do PP non se centrou nas 19 facturas da SGAE por distintas celebracións durante estes anos que non se pagaron, di que hai un contencioso contra o concello, hai pendentes 22.000 euros de pagos, por diferentes concertos. A tradición é que o BNG defende estas facturas, pero é unha incompetencia do equipo de goberno. Non apoian.

O concelleiro Darriba Ferradás di que apoian o recoñecemento extraxudicial, votan de menos que outras facturas están pendentes de pago e non se inclúen, como as dos walkie talkies, para que vaian a outro pleno.

O concelleiro Cabaleiro Couñago manifesta que comparten a intervención do voceiro do grupo do BNG, cren que estes recoñecementos extraxudiciais deben empregarse só en situacións excepcionais. Van votar a favor. Consideran que é un síntoma deste goberno, facturas que chegan tarde.

A concelleira Amoedo Dasilva resposta ao sr. Cabaleiro que non asistiron á comisión na que se debatiron estas facturas, queren dar exemplo como se goberna e, quenes deixaron 2 millóns no caixón foron eles, dan pouco exemplo. Teñen que ver como se goberna en minoría, cos números en azul, eles os deixaron en vermello, cunha nefasta xestión, facturas sen contabilizar. Di que o goberno actual cumpre, o endebedamento atópase no máximo permitido. Remata dicindo que é un recoñecemento extraxudicial e que moitas facturas chegan tarde. Ao sr. Darriba, lle contesta que eles non dicen qué facturas van ao pleno, senón o corpo técnico de intervención.

O concelleiro Fojo Durán di que saben que hai facturas que chegan tarde e que teñen que cobrar, reitera que é unha maneira repetida de traer ao pleno.

O concelleiro González Campo, resposta que a voceira do PP interviu no seu tempo sen falar do asunto. Non pagaron á SGAE, e incumpriron. Queren dicir



que o Concello de Redondela ten que pagar 22.000 euros por non pagar a SGAE, é unha mala xestión dos cartos públicos. Non van apoiar.

O concelleiro Darriba Ferradás di que eles a campaña a empezan ás 0.00 h da noite.

O concelleiro Cabaleiro Couñago invita á voceira do PP a que revise o informe do interventor, fala do catastrazo na época do PP, van apoiar para que cobre o que fixo o traballo, reitera o dito da SGAE.

A concelleira Amoedo Dasilva respecto ao catastrazo, di quen solicitou unha revisión das valoracións do catastro no auxe da burbulla inmobiliaria foi o PSOE, para aumentar as cantidades. Di que os datos os avalan, cumpren todo o que o Ministerio lles pide, regra de gastos, pago a provedores. Di que se lles preocupe a SGAE, fixeron caso aos servizos técnicos, de que facturas levar e as que non, di que o anterior goberno non se preocupaba polos veciños, deixaron os datos negros, con problemas de pagos.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito) e 1 abstención do BNG.

5. Declaración de Crédito Non Dispoñible II

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 6 de maio de 2019 que di:



“Na tramitación dos orzamentos do ano pasado e para a súa aprobación, existiron conversas co grupo municipal de AER onde se alcanzaron unha serie de acordos. Un deles foi o compromiso de presentar ante o Pleno de abril de 2019 a proposta para declarar non dispoñibles o crédito das aplicacións orzamentarias que recollen o gasto do Redondela 2020. A proposta que se eleva ao Pleno recolle a totalidade do crédito salvo aqueles importes de aquelas actuacións que xa se comezaron ou ben están en fase de tramitación.

Polo tanto, as cantidades a declarar coma non dispoñibles serán as que constan no primeiro punto.

E estas son as motivacións que levan a propor a esta Comisión Informativa de Economía e Facenda:

PRIMEIRO.- A declaración de non dispoñible de parte do crédito recollido nas aplicacións orzamentarias seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESTINO	TOTAL
1531A 6190021	Mellora seguridade viaria de peregrinos e escolares Redondela 2020	19.230,80 €
1531A 6190022	Supresión barreira arquitectónicas	19.230,80 €
1531A 6400020	Plan mobilidade urbana sostible Redondela 2020	3.846,20 €
1651A 6090020	Mellora alumeadado exterior Redondela 2020	10.431,10 €
1711A 6190020	Recuperac, mellora, coidado espazo púb zonas naturais Redondela 2020	57.692,40 €
2311A 6190020	Mellora da atención social Redondela 2020	38.448,50 €
3330A 6220020	Novos espazos culturais Redondela 2020	96.153,80 €
3361A 6190020	Recuperac, rehabilitac e mellora da sinalizac do ptmonio Redondela 2020	39.153,20 €
3421A 6230020	Creacións novas instalacións deportivas Redondela 2020	82.066,27 €



CONCELLO DE REDONDELA

3421A 6320020	Rehabilitación enerxética edificios públicos Redondela 2020	46.513,80 €
4312A 6320000	Reforma do mercado de Redondela Redondela 2020	29.618,79 €
4312B 6320000	Reforma do mercado de Chapela Redondela 2020	37.568,52 €
9221A 6400021	Auditoría enerxética Redondela 2020	4.769,20 €
9221B 6260020	Conectar a administración co cidadán Redondela 2020	56.346,20 €
9221B 6400020	Creación da axenda dixital Redondela 2020	5.769,20 €

SEGUNDO.- Dar conta do presente acordo a Intervención para que proceda a levar a cabo as anotacións contables e orzamentarias correspondentes.”

INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro Fojo Durán di que traen unha escenificación do acordo para blindar o gasto do Redondela 2020, que xa está blindado polo PP e AER, pouco poden dicir, estas liñas lles parecen boas, desexan que se cumpran agora como na próxima lexislatura.

O concelleiro González Campo di que este acordo é para aprobar os orzamentos ao PP, que tiña unhas premisas para que saíran adiante, cando hai un apoio é moi importante facer un seguimento e control. Recóllense unha serie de partidas que os fondos europeos van ingresar en Redondela. Di que é importante as ordes de prioridades. Hai obras de carácter social que aínda están ahí, como o local de servizos sociais, para mellorar o servizo, non sendo unha prioridade ata agora. Queren que se controlen as prioridades. Non apoian este acordo.

O concelleiro Covelo Míguez di que este punto é un dos condicionamentos que lles puxeron ao goberno local, polo cal AER se abstuvo na votación dos orzamentos, puxeron enriba da mesa algunhas premisas. Unha xestión que vai beneficiar a nova corporación, van existir uns orzamentos que lles van permitir realizar actuacións. Di que Redondela non está para tirar cartos. Observan que o Redondela 2020, as liñas foron consensuadas na comisión do 2020, onde



CONCELLO DE REDONDELA

están representados todos, fixaron prioridades, outra cousa é a execución. Un condicionamento era poñer indispoñibilidade dos cartos, para que ata que houberse unha nova corporación executasen as actuacións, a través dunha comisión. Condicionamentos para aprobar os orzamentos, liñas vermellas. Tamén fixeron unha emenda na base 53 dos orzamentos, entrega documentación diversa de Aqualia, o regulamento de asignación grupos municipais, as terrazas, avanzar no regulamento dos consellos parroquiais.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que dende o PSOE se sorprenderon que no seu día para aprobar os orzamentos había un pacto de última hora entre o PP e AER, descoñecen as claves do pacto, comparten algunhas das propostas que van, non van contar co seu voto, van absterse.

A concelleira Amoedo Dasilva resposta ao sr. Covelo que lle chame acordo despois dunha negociación e non uns condicionamentos. Di ao sr. Cabaleiro que fala da proposta doutras partidas, pero o que se trata é bloquear unhas partidas que xa están definidas no Redondela 2020, e que foron aprobadas. Ao sr. González que o problema é que non se quere sentar nunha mesa no que estea o PP para falar de orzamentos, e se houbera algo que poderían aportar, podían facelo, nin o PSOE tampouco. Son orzamentos bastante cercanos á realidade.

O concelleiro Fojo Durán di que lles parece ben, que desexan que se cumpran agora como na outra lexislatura. Van apoiar.

O concelleiro González Campo resposta que combaten co PP, e poucas veces van apoiar as súas proposicións, di que non apoian estes orzamentos porque é antisocial. Di que hai prioridades, de que non se executaron as obras de servizos sociais, non seu día non levaron o centro de día de Trasmañó no Marisma +, non poden dar apoio ao acordo porque non apoian os orzamentos.

O concelleiro Covelo Míguez di que no Redondela 2020, AER fixo moitas propostas, outros grupos non facían propostas e non votaban e logo din no pleno que hai outras prioridades. Ao PSOE di que van a conquistar o máximo, veñen a traballar, falan con quenes teñan que falar, dilles que non saben negociar, os orzamentos hai que marcarlles liñas vermellas no pleno por ser da



súa competencia, parécelles importante á discapacidade, cando se levaron mocións de discapacidade, ou a toponimia, logo do cambio de criterio das mocións, os demais grupos levantábanse dos plenos e non as debatían.

O concelleiro Cabaleiro Couñago di que existiu un pacto ente o PP e AER, lles di a AER que non lles den leccións, no seu día non apoiaron o goberno de esquerdas. Á sra. Amoedo pídelle respecto ao Marisma + que foi un éxito, os redactores da EDUSI fixéronse no programa electoral do PSOE, porque o PP non tiña programa electoral. O seu deber é fiscalizar o traballo do goberno. Di que o goberno actual non cre nos servizos sociais, no benestar da xente.

A concelleira Amoedo Dasilva resposta ao sr. Cabaleiro que os que pedían 3 millóns de euros para asfalto e pichi foron o PSOE, o cal ten pasado en Redondela, para non ter programa, foron a lista máis votada. Resposta ao sr. González que lles trate con maior respecto, e non empregue termos como éstos, para dirixirse ao PP.

O concelleiro González Campo interveñe dicindo que quere que retire esa manifestación.

O sr. alcalde di que cando ordena o pleno quere que se respecte, estamos para votar acordos, no seu turno de palabra pode falar. A voceira ten a palabra.

A concelleira Amoedo Dasilva continúa, reitera que o sr. González fixo alusión aos membros do PP, como éstos, respecto ao centro de día de Trasmañó, di que non os traicionaron, di que lles meteron como idea facer un centro de día, cando saben que o concello non pode levar a cabo o centro de día, non lles poden dar leccións sobre cuestións sociais, porque nese edificio os servizos sociais levan moitos anos, o PP buscou outra ubicación. Di que non traballan, non viñeron ás comisións onde se debateu este tema. Se quixeran farían acordos co PP.

O sr. alcalde aclara que o sistema do Redondela 2020, foi unha proposta da alcaldía, este acordo ten como finalidade que continúe no seguinte mandato.



VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, 01 en contra do BNG, 06 abstencións do PSdeG-PSOE e 14 a favor (09 do PP, 04 de AER e 01 do concelleiro non adscrito).

6. Aprobación Crédito Extraordinario MC 14/2019.CE01/19

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 6 de maio de 2019 que di:

“En base ao expediente tramitado de modificación orzamentaria coma crédito extraordinario, en virtude da Memoria desta Alcaldía, empregándose como recurso de financiamento o remanente de tesourería para gastos xerais da liquidación do ano 2018.

Visto o informe da Intervención de 2 de maio de 2019 con referencia ASR-02.05.19.3 con dez páxinas e que consta de antecedentes, lexislación aplicable, seis consideracións e conclusión.

É por elo, que teño a ben propor á Comisión Informativa de Economía, Facenda e Desenvolvemento Local:

Primeiro.- Aprobar o crédito extraordinario de crédito:

Crédito extraordinario

APLICACIÓN	CONCEPTO	CONSIGNAC. INICIAL	INCREMENTO	CONSIGNAC. DEFINITIVA
1532A/6190039	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2019	0 €	644.591,91 €	644.591,91 €
1601A/6190039	Outras inversións de reposición de infraestruturas e bens destinados ó uso xeral IFS2019	0 €	342.417,25 €	342.417,25 €

Segundo.- Que se continúe a tramitación do expediente, con posterior exposición pública, no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación. Así mesmo, facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Terceiro.- Que se non se presentan reclamacións, entenderase definitivamente aprobado e se publicará no BOP e no Taboleiro de anuncios da Corporación.

Cuarto.- Remisión de copia ó Estado e á Comunidade Autónoma.”

INTERVENCIONS.-

O concelleiro Fojo Durán di que non van insinuar que non se gastan os cartos que se tiñan que gastar, di que o concello funciona a base de modificacións de créditos, levantamentos de reparos, di que seguen sen servizos de saneamento de augas en moitas zonas, hai falta de vontade, obras que chegan tarde, como a zona da traída de augas en Chapela.

O concelleiro González Campo di á voceira do PP que fixo unha exposición do remanente como unha boa capacidade de xestión do alcalde, sempre meten



presión á oposición para que aproben os seus acordos, olvídase da urbanización do colexio de Cidadelle, di que se non se apoia este acordo a obra non se acaba. Non foron quen de rematar a obra, na súa incapacidade de xestión dos cartos públicos, volven a plantexar a execución desas obras co remanente de tesourería. Outras partidas, como a da ordenanza de emerxencia social só se executan 15.000 euros, non se da resposta aos veciños e veciñas. O saneamento de Redondela case non medrou, como no Alto dos Valos, que lles prometeron, incumpriron a súa palabra. Pagan vía Plan Concellos facturas de 120.000 euros. Di que é unha irresponsabilidade deste goberno. Cando se refire aos compeñentes do PP, fala dende o punto de vista político, nunca dende o punto de vista do seu traballo. Hai unha irresponsabilidade moi grande coa obra de Cidadelle, senon fora pola presión veciñal da rúa esta obra non se remataba. Pos isto van apoiar o acordo.

O concelleiro Darriba Ferradás di que se incorpora unha parte de remanente que ven do 2016, di que son coherentes, nesta incorporación de remanente están dispostos a que esa parte sí se incorpore, non están dispostos á do ano 2018, terían que negociar. Di que cando poñen unhas condicións, negocian. No Marisma +, aprobouse un orzamento coa abstención dun membro do PSOE, lembra que se iso non foi pactar como lles din a eles. O que dicen o cumpren, teñen coherencia. Di que tratan de executar todas aquelas cousas que levan no seu programa, con criterios. Cando se vai redactar ordenanzas, hai xente que non participa, o que ocorre o mesmo coas comisións, están dispostos a aprobar a parte do remanente do 2016 que lles permitiu aprobar no seu día o PSOE pero non a do 2018, se non se negocia.

O concelleiro Cabaleiro Couñago resposta ao sr. Darriba que a abstención do PSOE permitiu aprobar o remanente do 2016, como a obra da Xinaria, di ao sr. alcalde que xa está ben de chantaxes políticos que fai no pleno, o PSOE ten responsabilidade política, escoitan leccións maxistras doutras persoas e non o van admitir, están orgullosos do que se fixo durante 30 anos. O PP só pensa en números azuis, unha cousa é o aforro e outra deixar de gastar. Os números en azuis son de cousas que non fan, queren que se fagan cousas a prol da cidadanía, pregunta cando se fai a obra da urbanización da Xinaria. Van absterse para sacar iso adiante.

A concelleira Amoedo Dasilva di que o que se conseguiu para levar a cabo esa urbanización non foi fácil, foi difícil. A diferenza entre o PSOE e o PP é que buscan noutras administracións recursos. Este remanente ven duns bos números despois de facer un bo traballo, veñen cando se presentan as contas, e o interventor pon o expediente a disposición para levar a comisión. Ao sr. González resposta que o concelleiro do BNG cobraba 47.000 euros ao ano e non investiu moitos cartos en saneamento en Redondela, eles botaban pichi. É



a diferencia. Non foron quenés de gobernar en minoría, teñen un pasado que teñen que asumir. Nos oito anos aportaron como moito un 1% do que se fai no concello. O actual goberno conseguiu programas sociais, de obradoiros, menos taxas de paro. Dilles que non saben facer oposición.

O concelleiro Fojo Durán di que levan plenos traendo facturas e modificacións, van absterse.

O concelleiro González Campo di que a voceira do PP da voltas e non da explicado nada, hai que poñer en marcha un centro educativo, empregan o remanente para cargar contra a oposición, foron malos xestores. Resposta a AER que é certo que houbo negociacións, a resposta foi que o que se queira por escrito. O que din e que non se sentan a negociar co PP, pero cuestións que son interesantes para os veciños e veciñas de Redondela van apoiar. É importante que se informe á cidadanía de onde sae este remanente.

O concelleiro Darriba Ferradás agradece ao sr. González a mención de que AER fixo unha proposta de goberno alternativo, cando o PP trae unha proposta pechada ao pleno se lle permite aprobala, isto non é un acordo é unha cuestión de responsabilidade, supoñen que non pretenderá insinuar que AER estivera en contra de que se fixera o colexio. Na abstención do remanente do 2016, votaron en contra AER, BNG e o concelleiro non adscrito. Só vai a débeda do remanente do 2016 sen executar, pero non a do 2018 que sí se pode negociar. Reitera que están de acordo co remanente do 2016 e o resto hai que negociar.

O concelleiro Cabaleiro Couñago resposta á sra. Amoedo Dasilva que nestes catro anos, levan calculados 7 millóns de euros da Deputación en Redondela. No 2019, non tiveron valentía de aportar un borrador do orzamento. Pregunta cánto leva invertido a Xunta en Redondela estes 8 anos, como Augas de Galicia, non lle cadra a súa xestión, como con Fenosa que cortou a luz por impagos, demostrando que cada vez que goberna o PP a Redondela vaille mal. Van absterse.

A concelleira Amoedo Dasilva resposta ao sr. Cabaleiro que insiste en volver ao pasado, cortáronlles no seu día a luz polas facturas que debía o PSOE. Como a escultura do camaleón e outra que está en Pousadouro que non hai forma de onde colacala noutro sitio. A Deputación, non foi quen de acabar a urbanización en Santa Mariña. A sra Rivas, non foi capaz de traer inversión de fóra, o resto foi para Vigo, non arranxaron a estrada de Redondela a Reboreda. A diferencia entre a Xunta e a Deputación, é que a Deputación ten que axudar



aos concellos, e non o fai. A Xunta en cuestións de plans de emprego máis de 1 millón de euros.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as presentes, 04 en contra de AER, 08 abstencións (06 do PSdeG-PSOE, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) e 09 a favor do PP.

7. Ratificación da Resolución de Designación do órgano competente para tomar medidas para asegurar a entrega de bens no contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de Deportes e Xuventude do día 17 de abril de 2019 que di:

“Pola Presidencia dase conta da Resolución da Alcaldía número 2019-1037 de data 12 de abril de 2019, do seguinte tenor:

O 22 de setembro de 2004 subscribiuse entre Concello de Redondela e Servicioc, Cultura Deporte y Recreación S.L. con CIF B-15.416.845 o contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”.

Por acordo do pleno en sesión celebrada o 25 de marzo de 2019 acordouse denunciar a vixencia do contrato de concesión para a xestión indirecta do servizo público “Piscina Climatizada de Redondela”, asinado o 22 de setembro de 2004 por Concello de Redondela e Servicioc, Cultura Deporte y Recreación S.L. con CIF B-15.416.845, quedando sen efectos dende a data do seu vencemento que é o día 22 de setembro de 2019.

Tendo en conta a cláusula 21ª do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) do devandito contrato que establece que: <<nos derradeiros seis meses do remate da concesión, o Concello de Redondela



designará un órgano que será competente para tomar calquera tipo de medida que considere convinte para asegurar que a entrega dos bens se realice nas condicións convidadas.>>

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle outorga a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local:

RESOLVE

PRIMEIRO. Designar como órgano aos efectos do disposto na cláusula 21ª do PCAP a Ramón Mato Lodeiro, técnico de xestión de administración xeral do Concello de Redondela.

SEGUNDO. Dar conta da presente resolución na vindeira sesión do pleno que se celebre para a súa ratificación.”

INTERVENCIONS.-

O concelleiro Darriba Ferradás di que debería revisarse o material e as contas e reunirse a comisión de servizos privatizados, para revisalas, como as placas solares.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito).

O sr. alcalde interrompe a sesión ás 21.35 h e a reanuda ás 21.36 h para tratar o asunto cos voceiros de posibilidade de alterar a orde do día cos voceiros, o cal non se acepta.



PARTE DE CONTROL

8. Dar Conta Informe Pleno 4º trimestre do ano 2018

Dáse conta do informe do interventor municipal con referencia ASR-02.05.19.1 de data 2 de maio de 2019 en relación á execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 4º Trimestre do ano 2018, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

O Pleno do concello queda informado.

9. Dar Conta Informe Pleno 1º trimestre do ano 2019

Dáse conta do informe do interventor municipal con referencia ASR-02.05.19.2 de data 2 de maio de 2019 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 1º Trimestre do ano 2019, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do Concello de Redondela.

O Pleno do concello queda informado.

10. Dar Conta do Peche e Liquidación do Orzamento do Exercicio 2018

Dáse conta do informe do interventor municipal con referencia ASR-12.04.19.1 de data 12 de abril 2019, en relación coa liquidación do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2018, así como a resolución da alcaldía de data 13 de abril de 2019, segundo resumo que se recolle na mesma.

O Pleno do concello queda informado.



11. Dar Conta dos Expedientes de Modificación de Crédito: MC 08/2019.GC04/19, MC 09/2019.IR03/19, MC 10/2019.IR04/19, MC 11/2019.TC03/19, MC 12/2019.IR05/19 e MC 13/2019.TC04/19

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 08/2019.GC04/19 mediante a xeración de crédito por importe de 91.731,73 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 27/03/2019 e Resolución de Alcaldía de corrección de erro material de data 23/04/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 09/2019.IR03/19 mediante a incorporación de remanente por importe de 186.649,88 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 27/03/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 10/2019.IR04/19 mediante a incorporación de remanente por importe de 8.711,93 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 17/04/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 11/2019.TC03/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 56.000,00 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 23/04/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 12/2019.IR05/19 mediante a incorporación de remanente por importe de 1.506.763,08 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 24/04/2019 e Resolución de Alcaldía de corrección de erro material de data 02/05/2019

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 13/2019.TC04/19 mediante a transferencia de crédito por importe de 1.560,90 euros, aprobada por Resolución de Alcaldía de data 02/05/2019



O Pleno do concello quedou informado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

12. Actividades de control do pleno

12.1 Dar Conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda informado das resolucións de Alcaldía.

O concelleiro González Campo auséntase ás 21.37 h no turno das comparecencias.

12 . 2 Solicitud de Comparecencia.

12.2.1. Solicitud de AER de Comparecencia da Concelleira de Turismo Para Avaliación da súa Xestión.

ANTECEDENTES:

Solicitud de comparecencia con entrada no concello o día 21/03/2019 con número 2019-E-RPLN-6 que se transcribe a continuación:

“Considerando que unha xestión eficaz comporta sempre unha avaliación de resultados, e tendo en conta a importancia social, económica e cultural do Turismo na actualidade; solicitamos a comparecencia da responsable da área de Turismo cara a determinar a evolución dos resultados, e a adecuación dos medios dedicados a tal fin.”



INTERVENCIONS.-

O concelleiro Darriba Ferradás di que hai un incremento de gastos en turismo, na partida de turismo que no 2016 era do 18% e no 2018 do 34%, case todo en publicidade e propaganda, preguntan cal é o retorno. Nas actividades propias de turismo non gasta nin a metade, e en gastos de publicidade, protocolo e estudos gástase máis da partida, hai unhas facturas que lles custa entender, no ano pasado en contratos con outras empresas, contrata primeiro con Fundamar, os volven a contratar este ano, indo ao límite do contrato, como noutros. Ven que hai un incremento importante en gasto en publicidade en contratar empresas, detraíndo de actividades propias da súa concellería.

A concelleira París Blanco resposta que resulta gratificante que os grupos de oposición se interesen por falar de turismo. Explica que Redondela é o municipio máis transparente de Galicia e o sétimo de España, levan os procesos de selección de persoal coa garantías que a normativa exige, como tamén en turismo. A realidade é que o goberno do PP buscou o potencial do municipio de Redondela, que antes estaba agochado, o sector turístico necesitaba unha volta, que se empezou fai oito anos, o camiño está escomenzado, por iso hai un incremento nalgunha das partidas. Redondela é un concello con atractivos turísticos recoñecidos, están sendo importantes as iniciativas empresariais e públicas, hai unha riqueza turística recoñecida, que os veciños doutros municipios nos envexan, o interese que xera Redondela é maior cada ano, os recursos recuperados, é o noso escaparate. A oficina de turismo, estaba agochada nun recuncho da Alameda, no ano 2018 decidiuse trasladar a outra ubicación máis preta do camiño de Santiago, incrementando o número de visitantes, a maioría son peregrinos, contratando a persoal con titulación axeitada para garantir o servizo, contando co recurso de persoal, dando visitas guiadas a grupos, e outras zonas de Redondela para coñecer polo miúdo. Saídas guiadas as fins de semana, seis saídas diferentes. Fixeron esforzo para poñerse publicidade. Tamén os roteiros, organizaron no ano 2016 e con maior intensidade no 2017, nos derradeiros domingos de cada mes, para coñecer sitios estratéxicos. Roteiros diurnos e nocturnos, con aceptación moi boa. Un traballo para dar a coñecer a Redondela. Tamén a Illa de San Simón, antes non se podía case entrar, logo de reunións de traballo conseguiron pouco a pouco facela accesible para a xente e pode coñecerse ben, fanse conferencias, certames, actuacións culturais, é un punto de referencia e atractivo, chea de beleza. Tamén o Meirande, poñendo en valor. Doutras das grandes postas sen valor, é a festa do Choco. Sendo un atractivo para Redondela, as industrias vencelladas ao mar. Hai unha nova lonxa en Cesantes. Traballo na pesca artesanal, coidadosa co produto, hai unha evolución clarísima desta festa, temos a materia prima máis importante, os servizos, e os hostaleiros fan que se converta nunha festa grande. O traballo



CONCELLO DE REDONDELA

feito co asfaltado do firme, o aumento da seguridade, como as atraccións, o traballo de colaboración e participación, o aumento de programas, o coidado das presentacións, a finalidade é exaltar o Choco e a cultura mariñeira, é unha festa declarada de interese turístico, mellorouse na limpeza, na sustentabilidade. Un sinfín de melloras que fan que o Choco sexa unha festa que reclama a xente doutros lugares. Tamén o camiño Xacobeo, Redondela recibe aos peregrinos, cada ano son ducias de milleiras de persoas das rutas xacobeas, para descansar e facer alto no camiño, deixando máis postos de traballo, máis movemento de traballo. É un recurso importante para Redondela, que para o ano 2021 é un gran aporte turístico, fixeron intervencións singulares de mellora do camiño, teñen colaborado con todas as administracións para mellorar. Necesitan unha nova imaxe turística, o pasado ano tras estudar con expertos, como a nova imaxe do Choco, con traballo de análise, como con expertos de Fundamar, crearon unha mascota, con merchandising, con participación dos restaurantes. Tamén se puxo en funcionamento o tren do “Chococho” pero que non ten nada que ver con Fundamar, subiron máis de 6000 persoas. Creáronse recursos novos, camisetas, rueiros, dende a oficina de turismo. Fíxose un vídeo promocional do concello, foi un traballo exhaustivo e moi bonito, o que se puido estrear en Fitur, e na xornada de coworking de Redondela, agardan que a xente se sinta orgullosa do que Redondela pode ofrecer. Apoian a exaltación da festa do mexillón. Colaboran en varios eventos para promocionar a imaxe. Remata esta primeira intervención, sen deixar de mencionar ao longo deste tempo, Redondela leva traballando nunha figura nova, Xeodestino Ría de Vigo-Baixo Miño, están desenvolvendo un plan estratéxico entre os 14 concellos adheridos e levar un consenso que están traballando cos grupos de desenvolvemento rural. Hoxe hai recursos renovados e axuda á xente a coñecer Redondela, con información axeitada. Teñen una web máis atractiva. Persoal dispoñible para sacar os traballos adiante e sexan visibles. Colabora con distintas asociacións para que Redondela sexa coñecida fora de aquí.

O concelleiro Darriba Ferradás na súa intervención di que ademais de descoñecer o significado de avaliación, o que fixo a sra. París é unha falta de respecto á veciñanza e ao pleno, di que retiran a segunda comparecencia do alcalde por contratacións para o Entroido de Verán.

A concelleira París Blanco di que se se lle pregunta pola xestión de turismo, o que fixo é un relato, agradece a posibilidade de falar no pleno.



12. 3 Mocións.

Incorpórase á sesión o concelleiro González Campo ás 22.14 horas.

O sr. alcalde fala da volta ao tratamento das mocións no punto anterior á interrupción polo novo sistema segundo a regulamentación. Pregunta á sra. Rivas se retirou o seu escrito, o que deu lugar ao cambio do tratamento das mocións.

A sra. Rivas di que non retira o escrito porque xa estaba contestado polo anterior secretario, e informouse de que non ten que presentar un escrito.

O sr. alcalde di que o PSOE presentou un escrito que levaba implícita unha ameaza.

12.3.1.- Moción Conxunta do PP, PSdeG-PSOE, AER, BNG e Concelleiro Non Adscrito, sobre solicitude dunha comisaría de distrito da policía nacional para o Concello de Redondela.

Fóra da orde do día expoñe a moción o veciño do colectivo veciñal, Álvaro Bastos, a asumida de forma conxunta por todos os grupos na Xunta de Voceiros, que chegaron ao acordo de retirar o último punto do acordo.

ANTECEDENTES:

Moción do conxunta con entrada no Concello o día 02.05.2019 con número 2019-E-RE-778 que se transcribe a continuación:

“Redondela con case 30.000 habitantes dispersos nunha importante extensión nas 13 parroquias do noso termo municipal, e estando enmarcada dentro da área metropolitana de Vigo, a máis poboada de Galicia, precisa ter garantizada a seguridade cidadán e un número de efectivos suficiente que coñezan o termo municipal de Redondela e especialmente as parroquias e barrios do noso Concello, algo que é imprescindible para ante calquer situación de perigo minimizar os tempos de chegada e actuación da Policía.



Despois da preocupación transmitida polos distintos sindicatos que representan os Policías Nacionais adscritos as Comisaría Vigo-Redondela, os que damos todo o noso apoio, e trala confirmación por parte do Comisario de que se van a retirar os Policías que fan o seu servizo en Redondela.

Dende o Concello creemos que non so non se deben retirar estes Policías se non que o plantexamento ten que ir en prol da mellora a ampliación do Servizo que se dá en Redondela por iso Redondela debería ter unha Comisaría de Distrito, que contaría cos seguintes servizos

- Grupo de Atención ao Cidadán (GAC), dependendo da Brigada de Seguridade Cidadá de Vigo.
- Grupo Operativo de Policía Xudicial (GOPJ), dependendo da Brigada de Policía Xudicial de Vigo.
- Oficina de Denuncias e Atención ao Cidadán (ODAC), con capacidade para a tramitación de detidos.”
- Unidade UFAM. Unidade de atención a familia e de atención en casos de Violencia de xénero.

Outros servizos cos que debería contar a Comisaría de Distrito de Redondela sería un precalabozo para a estancia dos detidos ata o traslado aos calabozos da Comisaría de Vigo, así como unha Unidade de Protección e Control (UPC) para a custodia dos detidos e protección das dependencias policiais.

Esta Comisaría de Distrito para Redondela iniciariase con 40 funcionarios o que suporía ter unha plantilla de xeito permanente que tería un mellor coñecemento do noso Territorio e dos nosos veciños, o que redundaría nun mellor e eficaz servizo de seguridade no noso Municipio.

E por todo isto é polo que solicitamos ao pleno do Concello que se aproben os seguintes,

ACORDOS:

Solicitar a Subdelegación do Goberno e a Comisaría de Vigo/Redondela que se paralice a orde dos cambios nos efectivos adscritos a Redondela.

1. Instar a Subdelegación do Goberno a solicitar o Ministerio do Interior unha Comisaría de Distrito para Redondela.
2. Instar a Subdelegación do Goberno a solicitar o Ministerio do Interior que a Comisaría de Vigo/Redondela deixe de ser dependente de Pontevedra.



3. Dar traslado a todos los sindicatos presentes nesta reivindicación do acordo tomado pola corporación.

INTERVENCIONES:

O concelleiro Fojo Durán di que primeiro reducen o persoal, logo servizos e logo o servizo público, a subdelegada de goberno di que non se van restar prestacións, senón hai servizos hai que loitar por eles, e se o funcionamento non é axeitado, non poden adoptar medidas que resten, se a delincuencia é baixa en Redondela é porque está funcionando ben, se todos os partidos políticos apoian esta moción é por sentido común.

O concelleiro González Campo quere clarexar que a moción se presenta por todos os grupos políticos, é un servizo importante que pode desaparecer, priorízase Vigo sobre Redondela, é unha atención directa á veciñanza de Redondela, os policías que exercían en Redondela teñen un coñecemento destas dinámicas, as decisións emanan dende hai fai anos dende os responsables en Madrid, fixeron recortes, saíndo prexudicados os concellos dunha talla mediana como Redondela. Para o BNG hai varias cuestións preocupantes como a inseguridade cidadá, que é algo estruturante, pérdese unha atención directa á veciñanza, aumenta a venda de estupefacientes, hai aumento de violencia de fillos sobre pais e nais, os traballadores públicos teñen o seu papel para desenvolver, se Redondela perde este servizo perde peso específico na comarca, pensan que ten que seguir sendo cabeceira de comarca, os grupos políticos teñen que loitar por este servizo.

O concelleiro Bastos Devesa di que se reuniron con algúns axentes para que lles comentaran os servizos que ían a perder en Redondela e cales realmente nos corresponden, a patrulla vai desaparecer, vanse para a comisaría de Vigo, na actualidade na comisaría de Vigo teñen carencia de patrulla, outro dos graves problemas e que os funcionarios que están en Redondela coñecen Redondela, van ser redistribuídos en Vigo e cando teñan que vir a Redondela, non van saber atopar as rúas. Perdemos os servizos de denuncias de 24 horas, existe nos concellos con menos poboación, con servizo de DNI e denuncias 24 horas. Engadindo á falta de persoal. Aconsellan que a moción se dea ao servizo de normalización lingüística para corrixir os erros.

O concelleiro Reguera Ocampo solicita que se retire o logo do PP da moción, porque é unha moción conxunta. Di que o 24 de outubro de 1979 publicouse no BOE, a orde pola que se creaba a comisaría Vigo-Redondela, fai 40 anos, viuse a necesidade de crear unha comisaría Vigo-Redondela, nesa orde se formaron outras como Marín e Vilagarcía, e non as van retirar, e Lalín que pasaron á garda civil. Estase debatendo algo que non se tería que debater,



chegado este punto durante estes últimos 7 anos no PP de Madrid foi un desmantelamento dos servizos públicos, a policía está sen axentes. Este ano vanse repoñer 2500 axentes, neste momento estamos no Concello de Redondela sen axentes, pregunta que fixo o alcalde de Redondela vendo que a comisaría de Redondela quedaba sen axentes. O servizo de ferrocarril que é importante, en Chapela, ao PP non lle interesa, ao PP non lle interesan os servizos públicos, a emerxencia social. Di que é importante a policía de cercanía, Redondela está na estrutura dunha forma atípica, ten a poboación diseminada, a policía ten que ser de Redondela e saber o que pasa no municipio.

A concelleira Amoedo Dasilva agradece o traballo do colectivo veciñal neste tema, sendo un problema de todos os cidadáns e veciños de Redondela, saben o que significa ter unha comisaría de distrito como necesidade. Unha terceira comisaría como Traviesas e Centro. Resposta ao sr. Reguera que intente culpar ao PP do desmantelamento dos servizos, gobernaron cuns orzamentos que aprobou o PP, respecto á negligencia, di da subdelegada de goberno están esperando esa chamada dos cambios. Ten una incapacidade manifesta. Di que a subdelegada está facendo un agravio e atraco aos colectivos veciñais, pregunta que están buscando. Temos que convivir que coa persoa que quere ocupar a alcaldía non é quen de defender este tema, non se preocupou por este tema.

O concelleiro Fojo Durán di que están de acordo coa moción, van votar a favor.

O concelleiro González Campo di que o PP tivo responsabilidade, podían expoñer a situación, poñendo o problema de Redondela e expoñela no Congreso. A cidadanía pide que sexan áxiles na xestión, solventar esta situación, Redondela non pode perder peso específico. Sería un servizo menos de atención aos veciños e veciñas. O tema da educación e formación a través de servizos sociais van permitir que haxa menos porcentaxe destes problemas. Van apoiar a moción.

O concelleiro Bastos Devesa di que hai uns meses preguntouse no pleno ao concelleiro González Barbeiro da marcha da policía nacional de Redondela e contestou que eran rumores.

O concelleiro Reguera Ocampo di que estivo como concelleiro delegado da policía local, había tres turnos, había policía na rúa, dende fai tempo non se ve policía na rúa, non hai inspector xefe, dende fai dous anos, os axentes deixaron de facer os turnos de noite, pregunta ao alcalde que fixo durante estes dous anos. Pregunta ao alcalde se solicitou unha reunión coa subdelegada de goberno, porque a subdelegada reuniuse con asociacións porque o solicitaron. Nun lugar que tense un índice de criminalidade elevado hai que anticiparse a



todos os cambios, o que non se pode tomar un asunto moi importante como unha broma. Apoian a moción.

A concelleira Amoedo Dasilva resposta ao sr. Reguera que fala da subdelegada como se respectara ao Concello de Redondela, ninguneou ao Concello de Redondela, chegaban antes as notificacións á sra. Rivas que á institución. Se sabe que se vai facer unha restructuración que vai afectar a Redondela, o que debe facer é comunicalo. A prensa recolle que a subdelegada di que a restructuración reforza a súa presenza. O alcalde dixo que ía defender Redondela, solicitou un informe e negáronse a facelo. Pregunta que foi da garda civil cando gobernaban. O alcalde opúxose aos cambios. En ningún momento interesáronse a través do alcalde do que pasaba.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de AER, 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) aprobou a Moción nos antecedentes transcrita.

O sr. alcalde ás 22.56 h interrompe o pleno para estudar se se retiran as preguntas a proposta de AER.

Ás 23.00 h reanúdase o pleno, AER propoñe retirar as preguntas se o PP retira a moción de Carmela Silva, e debater a moción onde se reclaman máis recursos contra a violencia Machista

A concelleira Amoedo Dasilva indica á concelleira Rivas que o escrito que presentou contra a moción de Carmela Silva foi o que supuxo unha ruptura do pacto acadado para o tratamento de mocións, pediúselle que o retirase e non a fixo.

A Sra. Rivas pide a palabra.

O alcalde retira a palabra á sra. Rivas e chama á orde á concelleira.

12.3.2.- Moción conxunta do PP, PSdeG-PSOE, AER, BNG e Concelleiro Non Adscrito para reclamar máis recursos contra a violencia machista que garantan a xustiza de calidade.



ANTECEDENTES:

Moción do conxunta con entrada no Concello o día 02.05.2019 con número 2019-E-RC-5881 que se transcribe a continuación:

“O día 29 de agosto de 2018, saía publicada na prensa unha alarmante e grave denuncia do persoal de xustiza de Redondela sobre as carencias en materia de xénero do Xulgado número 2 do noso concello. Dita sala asume as competencias de violencia machista dun xeito precario xa que segundo a plantilla do persoal do xulgado: non existen protocolos de actuación específicos en materia de xénero; nin asistencia psicolóxica para as vítimas; as testemuñas non posúen un espazo onde garantir a súa seguridade e non contaminación das declaracións debido a que non están separados dalgunha das partes: e menos aínda, existe unha sala especializada onde as vítimas podan ter garantida a súa integridade, intimidade e asesoramento xurídico.

Esta situación leva sendo denunciada polos sindicatos dende fai tempo. O persoal do xulgado, por propia vontade e a maioría sen formación específica, está facendo labores que atópanse fóra das súas competencias en prol da xustiza e benestar das vítimas. De xeito que os propios traballadores e traballadoras están a dar apoio psicolóxica ás vítimas, ao igual que fan “malabares” polos corredores do xulgado para evitar que a vítima se atope co denunciado ou cos seus familiares, chegando incluso a facerse cargo dos fillos ou fillas das vítimas mentres declaran.

As vítimas de violencia machista non confiarán na xustiza se está atópase alonxada dos seus dereitos, prestándose dun xeito precario sen garantir a súa integridade e privacidade. Se a probabilidade de renunciar ao procedemento por descoñecemento sitúase nun 74%, a falta de espazo que non permite un adecuado asesoramento dos letrados ou letradas cara ás vítimas no noso concello, coaccionará as decisións de mulleres. É dicir, as mulleres sufrirán unha dobre violencia machista, persoal e institucional.

Dende a Asemblea Feminista Paxaretas, reclamamos o que xa pertence a sociedade, pero non se cumpre debido a que o decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade recolle:

Art. 5,2f) A garantía do exercicio dos dereitos das mulleres, a través, entre outras medidas, da difusión de información sobre a igualdade de oportunidades e da colaboración cos órganos xudiciais cando proceda segundo a lexislación.

Art. 21.2 2. A Administración autónoma impartirá cursos continuos de formación sobre a igualdade de xénero, principalmente dirixidos aos colectivos de educación, servizos sociais, persoal sanitario, persoal de Administración de



CONCELLO DE REDONDELA

xustiza e dos diversos corpos policiais, nos cales sempre estarán presentes contidos sobre a violencia contra as mulleres.

E no Pacto de Estado Contra a Violencia Machista, utilizando este debido a que o Pacto Galego carece de desenrolo pola pouca prioridade que o Goberno da Xunta de Galicia outorgalle, establece nos acordos:

65. Dar a máxima relevancia na estrutura institucional ás políticas contra a violencia de xénero.

122. Reforzar a especialización no ámbito procesal intermedio (xulgados penais), que son os que atenden a maior número de casos.

133. Para evitar a vitimización secundaria, priorizar a adecuación dos Xulgados de Violencia sobre a Muller e xulgados especializados, con dependencias que impidan a confrontación vítima/agresor, dotándoos de medios audiovisuais que eviten a repetición das declaracións e de intérpretes cualificados. Estas mesmas dependencias poderán ser utilizadas para os casos de agresións sexuais e trata de persoas con fins de explotación sexual.

134. Levar a cabo as medidas oportunas para a habilitación de instalacións amigables nos Xulgados (incluídas cámaras de Gesell) para atender aos nenos e ás nenas vítimas.

135. Dotar de maiores recursos aos equipos psico-sociais para que os xuíces e xuízas poidan contar, sen dilación, cos pertinentes informes, evitando o colapso dos xulgados.

Polo anteriormente exposto, a asemblea feminista paxaretas solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1 Instar a Xunta de Galicia a dotar dunha partida orzamentaria para a creación dun espazo especializado para as vítimas de violencia machista no Xulgado número 2 de Redondela.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro González Campo di que cren na soberanía e autonomía dos colectivos, nomeadamente na asemblea feminista de paxaretas, nunca o BNG controlou nin intentará controlar esta asociación, o que a moción trae é a carencia nos xulgados de Redondela na falla de atención das mulleres vítimas de violencia machista, dende as administracións e representantes do poder popular deben rexeitarse estas políticas involutivas. Violencia que están a sufrir, eles e elas e os seus fillos. Hai que poñer cartos enriba da mesa,



inversións. Agardan que esta moción dado o tempo que leva enriba da mesa a concelleira de igualdade teña algún compromiso de que o que vai suceder cos xulgados de Redondela. Van apoiar a moción.

O concelleiro Cano Correa di que AER vai apoiar esta moción, ponse de manifesto a falta de medios na xustiza, os xulgados de Redondela non teñen os medios necesarios, esta moción está relacionada con outras mocións de recortes. Os xulgados de Redondela non son unha excepción da desidia do estado. Onte saíu na prensa a ausencia de medios no xulgado, as vítimas durante o proceso deben sentirse seguras, para que a información e asesoramento sexa integral, debería acompañarse cos servizos sociais do concello.

A concelleira Rey Gómez, di que hai unha dobre violencia, estes movementos sensibilizan á sociedade, temos unha lei que deixa desprotexidas ás mulleres, no xulgado de Redondela non hai un espazo habilitado separado, non hai protección, as valoracións forenses son reducidas por falta de persoal. A sanidade é moi importante, o persoal que se atopa cunha muller nesta situación non ten formación. Falta de formación en protocolos de xénero na nosa comunidade. Hai unha precaria situación nos xulgados de Redondela. Pregunta se se fixo algunha xestión dende que o xulgado se comunicou a falta de medios.

A concelleira Amoedo Dasilva di que están de acordo na necesidade de que haxa máis medios e que estas cuestións se traten con sensibilidade e aportación. Di á concelleira Rey que para que se aprobe unha moción, hai que traela con antelación para buscar o consenso. Canto máis medios mellor, e mellorar a vida das persoas que sofren un maltrato, é unha competencia compartida, debe instarse tamén ao goberno central, pide que se incorpore que hai que instar ás partes que teñen competencias.

O concelleiro Fojo Durán resposta á sra. Amoedo das competencias, eles falan de bondades, non se van meter en campaña, van dar gracias ao colectivo paxaretas por traer a moción. É unha situación que acontece nos xulgados, polos criterios que se establecen para a asignación das partidas, non poden permitir que unha muller estea máis ou menos protexida dependendo onde viva. Non se pode permitir a falta de formación do persoal, dificulta a prevención e a consecución de verdade e xustiza. Non entenden como o aborto segue no Código Penal, sen que as mulleres poidan decidir sobre a maternidade. A educación afectiva sexual non está no currículo escolar, non está baseada no pracer senón nos medios e tabús.

O concelleiro González Campo lembra á voceira do PP que o único acordo é dotar dunha partida orzamentaria para crear un espazo especializado para as vítimas de xénero, puideron preguntar ao conselleiro da área o que se ía facer.



É unha realidade dramática, vivir con medo, hai que por todos os medios necesarios, denuncias que fan os traballadores do xulgado que se senten impotentes de prestar unha atención axeitada, é a inversión neste tipo de políticas, é un realidade dramática, ten que haber vontade política.

O concelleiro Cano Correa di que lles gustaría recalcar que se inverta en formación específica, persoal sanitario, xulgados e persoal local.

A sra. Rey Gómez di á sra. Amoedo que non respondeu á pregunta das xestións que fixeron, aclara que esta moción presentouse en marzo, e un día antes, sabendo que existe un colectivo feminista en Redondela, pregunta se solicitaron algunha reunión e di que non hai un plan de igualdade, o que se fixo no tivo en conta a casuística do perfil da muller de Redondela, implica a falta de vontade do concello na igualdade. O pacto de igualdade, pregunta sobre o PP de Galicia onde está o pacto. A xente necesita feitos.

A concelleira Amoedo Dasilva di que hai unha secretaría xeral de igualdade que está funcionando, con todas as accións que está levando a cabo, reitera que se poña que se inste ao goberno central por ser unha competencia compartida, cren que teñen que haber todas as medidas necesarias e máis. A constitución da asociación paxaretas se fixo co goberno PP, van defender o que sexa bo para os veciños e veciñas de Redondela.

O concelleiro Fojo Durán di que poderían facer reflexión porque os colectivos feministas non se levan ben co PP, esta moción está moi ben estruturada e explicada e van apoiar.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as, (09 do PP, 06 do PSdeG-PSOE, 04 de A.E.R., 01 do BNG e 01 do concelleiro non adscrito) aprobou a Moción nos antecedentes transcrita.

E sendo as vinte e tres horas e corenta minutos do día indicado no encabezamento, o sr. Alcalde dá por rematada a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.